




O PAPEL DA **FARMACIA COMUNITARIA** NA ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DEMENCIA



Pola súa proximidade con profesionais accesibles e de confianza, así como pola súa extensa rede, a farmacia comunitaria representa un lugar axeitado para apoiar o diagnóstico precoz do alzhéimer.

A farmacia comunitaria e os seus farmacéuticos comunitarios, como axentes sociosanitarios, poden desempeñar un papel moi relevante na abordaxe integral das demencias e converterse en aliados das persoas que padecen esta enfermidade e das persoas que as coidan.

Os farmacéuticos e as farmacias xogan un papel esencial como axentes sociosanitarios para axudar ás persoas con demencia porque:



Son un punto de referencia para a detección temperá do deterioro cognitivo



Xestionan e supervisan a subministración de medicamentos

ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DEMENCIA



Axudan a mellorar a adherencia aos tratamentos



Educan a pacientes e coidadores sobre a demencia e os seus tratamentos e recursos



Proporcionan información sobre a seguridade no fogar



Achegan orientación sobre produtos e dispositivos útiles



Brindan material para consellos nutricionais e hábitos de vida saudables




Ofrecen orientación para paliar o desgaste físico e emocional que implica o coidado



Traballan co persoal médico e de enfermaría para mellorar a atención



Realizan probas diagnósticas e de seguimento como presión arterial, glicosa...



Máis información:
www.ceafa.es/entornos-amigables

CONTORNAS AMIGABLES
E SOLIDARIAS COAS
D E M E N C I A S



**CONFEDERACIÓN
ESPAÑOLA DE
ALZHEIMER**